



.....

Xornada

O Colexio de Nosa Señora da Antiga (Monforte de Lemos, Lugo). Un exemplo de educación patrimonial

Día do Patrimonio 2022

.....

Colexio de Nosa Señora da Antiga

Monforte de Lemos

18 e 19 de novembro de 2022



Cada ano, o 16 de novembro, celébrase o Día do Patrimonio Mundial, e nelponse o foco tanto nas súas distintas facetas como nas súas realidades e necesidades. Ao longo dos anos 2020 e 2021, no Consello da Cultura Galega desenvolveuse o Foro Patrimonio e Sociedade, que analizou as políticas públicas, a normativa legal e a xestión integral do patrimonio, mais tamén a relación deste coa cidadanía e, especialmente, a situación actual da formación e educación patrimonial na nosa comunidade autónoma, que se considera chave para a salvagarda e conservación futura do patrimonio e que contribúe a construír unha cidadanía formada en valores patrimoniais.

En Galicia, levouse a cabo unha iniciativa pioneira que, en paralelo á elaboración do expediente de incoación como ben de interese cultural (BIC) do Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos, desenvolveu un proxecto de educación patrimonial que reverteu nesa mesma declaración, ao incorporar unha nova e necesaria perspectiva relativa ao valor social do ben que dota do máximo recoñecemento e protección a un elemento patrimonial. A xornada, que se realizará no marco da Semana do Patrimonio, desenvolverase no propio colexio, mostrará o proxecto educativo executado e os actuais traballos de rehabilitación, analizará o edificio como elemento patrimonial presentado polo propio alumnado do centro e debaterá arredor dos procesos de participación social que se desenvolveron no marco da declaración do colexio como ben de interese cultural.

Programa

Venres, 18 de novembro

17:00 horas
Inauguración

17:30 horas
Mesa redonda
O Colexio de Nosa Señora da Antiga. Exemplo de educación patrimonial
Modera: **M^a Xosé Porteiro**, xornalista

17:30 horas
Estudo documental para a declaración como BIC do Colexio de Nosa Señora da Antiga
Luísa Serrano, arquitecta
M^a Dolores Lago, historiadora e restauradora

18:15 horas
Participación social no proceso de declaración como BIC. O estudo do valor social do edificio do Cardeal e o proxecto de educación patrimonial do colexio
M^a del Mar Bóveda, educadora e investigadora da USC (GI-RODA). Especialista en educación patrimonial e na posta en valor do patrimonio cultural

18:45 horas
A execución do proxecto de educación patrimonial no centro
Pablo Blanco, director do Colexio Padres Escolapios (Monforte), e alumnado do centro

19:15 horas
Debate

Sábado, 19 de novembro

10:00 horas
A historia do edificio de Nosa Señora da Antiga e os proxectos de rehabilitación recentes

Francisco Javier Agudo, xerente da Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga

Manuel Freire, arquitecto, director das obras de rehabilitación do edificio

11:30 horas
Visita institucional ao edificio e ao museo guiada por alumnado da ESO do colexio

12:30 horas
Visita institucional ás obras de rehabilitación dirixida polo arquitecto director das obras, o xerente da Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga e o director do Colexio Padres Escolapios.

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Colaboran

Real Colexio Padres Escolapios de Monforte
Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga
Concello de Monforte de Lemos

Coordinan

Rebeca Blanco Rotea
María del Mar Bóveda López

Lugar

Colexio de Nosa Señora da Antiga
Praza Campo da Compañía, 50
27400, Monforte de Lemos

Inscripción

Entrada libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



Colaboran

